

MESA SECTORIAL 9 DE OUTUBRO DE 2024

Sentenza do Tribunal Supremo relativa ao proceso de estabilización. Execución.

O SERGAS informa de que van optar por manter o baremo diferenciado no concurso de méritos de FEAs:

- Servizos prestados no SERGAS na categoría: 0,20 puntos/mes
- Servizos prestados noutro servizo de saúde na categoría: 0,15 puntos/mes

CIG-Saúde solicitamos que se adopte a medida que consideren pero que teña a máxima garantía xurídica, e que se faga coa maior celeridade. No seu momento non estabamos de acordo coa convocatoria, polo que agora non imos debater a solución.

Vacacións cotizadas e non disfrutadas.

A Subdirectora informou de que neste mes de outubro vanse poder visualizar no FIDES os días de vacacións cotizadas e non disfrutadas no SERGAS. Aquelas persoas que teñan días de vacacións cotizadas noutros centros de fóra do SERGAS terán que presentar a solicitude de recoñecemento deses días. Non aclararon cal vai ser o procedemento.

Rogos e preguntas. Peticións de CIG-Saúde.

Que se informe na mesa sectorial da **Planificación de OPE e do Concurso de traslados**. Insisten en que as RESOLUCIÓNS do CTAP e da OPE de estabilidade serán no 2024, pero queda no aire cando serán as tomas de posesión. Aceptan a solicitude de CIG-Saúde de que aquelas categorías que vexan retrasada a toma de posesión ao 2025 non se verán prexudicadas en canto á súa posible participación no CTAP do 2026.

Que se traia á mesa sectorial o Decreto de **oferta de emprego público do 2024**.

Que se reúna o grupo de traballo de **permisos e licencias**. Lembramos que segue pendente a instrución de disfrute do MAE por parte do persoal temporal.

Que se traten canto antes na mesa sectorial as **instrucións da xornada do 2025**.

Solicitamos a información sobre o incremento de prazas ligado aos **orzamentos do 2025**.

Solicitamos para que no **concurso de traslados**:

- Se elimine o requisito de 1 ano para poder participar no CTAP.
- Que no CTAP se teñan en conta as prazas vacantes orzamentadas estean ocupadas ou non. CIG-Saúde denunciámos que se isto non se modifica pode significar a amortización de prazas en determinadas categorías que cumpridos os 3 anos da interinidade queden vacantes, sen ofertarse no CTAP, nin na OPE nin podendo cubrirse polos criterios de cese.
- Se revise o baremo do concurso de traslados porque os servizos prestados en promoción interna temporal estanse valorando sempre como prestados na categoría base.

Que se traten na mesa sectorial os **concursos específicos** de médicos/as de HADO, enfermeiros/as especialistas en familiar e comunitaria, e tamén en xeriatria.

Que se retome a mesa de negociación do **pacto de contratacións, e do Plan de ordenación de RRHH**.

Reiteramos que se convoque a mesa de negociación do **persoal médico de urxencias hospitalarias**.

